

En Boiro, sendo as 18:00 horas do día 10 de marzo de 2022, ten lugar a reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica do IES Espiñeira de Boiro coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Información novidades Orde 25 de xaneiro da avaliación.
3. Propostas respecto á actividade académica no período do 6 de xuño ao 22 de xuño.
4. Rogos e preguntas.

1. Aprobación, se procede da acta anterior.

Lucía Somoza Rey, vicedirectora do IES (e directora en funcións pola baixa de María Ana Domínguez Pérez), sinala que a acta como é costume atópase dispoñible na páxina web para súa lectura. Apróbase a mesma por unanimidade.

2. Información sobre novidades Orde 25 de xaneiro de avaliación.

Jorge Rodríguez Martínez, xefe de estudos, expón a través dunha presentación os aspectos máis novidosos da nova orde de avaliación entre os que destacan:

- Modificación nos criterios de promoción da ESO e Bacharelato
- Modificación nos criterios de titulación da ESO e Bacharelato.
- Elaboración de novos informes.
- Eliminación da avaliación extraordinaria para a ESO, que agora pasa a ser a ordinaria, e a separación entre 3ª avaliación que será a principios de xuño e avaliación ordinaria que será a finais.

Debido a este último punto Jorge Rodríguez Martínez, informa da necesidade de realizar unha modificación ás programacións. Para non ter que modificar as programacións ao completo propón a elaboración dunha addenda da cal facilita o modelo.

Dase un prazo de 15 días para entregar as mencionadas addendas.

Manuel Pimentel González, xefe de departamento de Educación Física, pregunta se sería posible establecer uns criterios obxectivos para os casos do alumnado que promocióne na ESO con máis de 2 suspensas, ou que por exemplo titule en bacharelato con 1 suspensa, xa que nese caso a Orde solicita valorar certos aspectos como a adquisición de competencias, as posibilidades futuras do alumno etc. Acórdase traballar un pouco máis estas posibilidades e tratalas na seguinte CCP, onde tamén se tratará a modificación do calendario escolar.

3.- Propostas respecto á actividade académica no período do 6 de xuño ao 22 de xuño

Lucía Somoza Rey, presenta a problemática das semanas que van da terceira avaliación ata a avaliación ordinaria da ESO, e entre a avaliación ordinaria e a avaliación extraordinaria de 1º de bacharelato. Lucía indica que pensouse en preparar o festival de teatro de fin de curso, excursións, feiras...

Sandra Maneiro Estébanez, xefa do departamento de Bioloxía, indica que noutros institutos vaise propoñer que o alumnado que teña todo aprobado, poida subir de nota se durante esas semanas axuda aos compañeiros que teñen algo pendente.

Sométese a votación a posibilidade de realizar estas actividades extraordinarias, que nalgúns casos suporía que o alumnado aprobado perdería certas clases para participar nestas actividades.

Apróbase con tódolos votos a favor e a abstención da xefa do departamento de administrativo Rosa María Ventín Pena.

4.- Rogos e Preguntas

Antonio Castro Castro, xefe do departamento de Orientación, di que debemos reelaborar un documento en relación coas necesidades que detectamos no centro de transformación para o alumnado con necesidades educativas especiais, en relación coa atención á diversidade. Estas necesidades poden ir dende profesorado adicional, infraestruturas específicas etc.

Carlos José Galbán Malagón pregunta se pode enviar os exames dun alumno a súa familia para que estes saiban o que seu fillo/titorado responde nos exames. Jorge Rodríguez Martínez, xefe de estudos, indica que si agás que o alumnado sexa maior de idade, pola LOPD (lei oficial de protección de datos).

Sendo as 19:00 horas levántase a sesión.

A DIRECTORA

Asdo.: Lucía Somoza Rey

O SECRETARIO

Asdo.: Jorge Rodríguez Martínez

Ausentes:

- Busto Lobato, Carlos
- Chouza Blanco, Carlos Javier
- Domínguez Magallón, María del Mar
- García Couto, Raquel
- Pérez Arias, Mónica
- Picón Romero, Margarita
- Benito Rivas Caso, Pablo Benito
- Trincado Álvarez, Ramón